

Circular 21/2004	Data: 29/6/04
-------------------------	----------------------

ASUNTO: Xestión de listas de contratación temporal de determinadas categorías

ORIXE: Dirección Xeral da División de Recursos Humanos do Sergas

ÁMBITO: Servizos de persoal dos centros de xestión das institucións sanitarias de atención especializada e atención primaria, Servizos de Recursos Humanos das Direccións Provinciais do SERGAS, e comisións provinciais de seguimento do Pacto.

Con base no Pacto de selección temporal de persoal estatutario (DOG nº 104 de 1 de xuño), por Resolución do 9 de xuño de 2004 (DOG nº 113 de 14 de xuño) a Dirección Xeral da División de Recursos Humanos do SERGAS convoca ós aspirantes interesados para que presenten a súa solicitude nas categorías médicos de familia, pediatras de atención primaria, odontólogos, matronas, enfermaría e auxiliar de enfermaría.

O resto de categorías a convocar serán formalizadas no mes de setembro de 2004.

Para regulamentar as categorías obxecto de convocatoria, os listados especiais, a presentación de solicitudes, garantir a debida publicidade, e co obxecto de coordinar e unificar as informacións aos interesados díctanse as instrucións seguintes, das que se dará traslado a tódolos profesionais dos servizos de persoal dos centros de xestión das institucións sanitarias de atención especializada e atención primaria, dos Servizos de Recursos Humanos das Direccións Provinciais do SERGAS, e ás comisións provinciais de seguimento do Pacto.

Tamén se publicarán nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais e dos centros de xestión do SERGAS.

CIRCULAR 21/2004

Xa que logo, tralo tratamento e acordo no seo da Comisión Central de seguimento do Pacto, a División de Recursos Humanos do SERGAS en uso das atribucións conferidas polo Decreto 45/2002 do 8 de febreiro (DOG nº 37 do 20 de febreiro) no que se establece a estrutura orgánica do SERGAS e na Orde do 14 de marzo de 2002 (DOG nº 66 do 5 de Abril) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas normas citadas, esta División resolve dicta-las seguintes

INSTRUCCIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO:

As presentes instrucións teñen por obxecto fixa-los criterios de interpretación e aplicación da convocatoria de selección temporal realizada por Resolución desta División de data 9 de xuño de 2004.

SEGUNDA.- CATEGORÍAS:

As categorías profesionais convocadas son: médicos de familia, pediatras, odontólogos, enfermaría, matronas e auxiliares de enfermaría.

As categorías que non aparecen reflectidas nesta convocatoria e que se acordarán posteriormente pola Comisión central de seguimento do Pacto, serán obxecto de convocatoria no mes de setembro de 2004, sen prexuízo do disposto para as convocatorias automáticas.

TERCEIRA.- ÁMBITO DAS LISTAS DAS CATEGORIAS CONVOCADAS:

3.1.- Os aspirantes solicitarán a súa inclusión nunha única categoría profesional e área de xestión sanitaria.

3.2.- No caso de que se detecten duplicidades tanto nas áreas elixidas coma nas categorías ás que se opte, estarase ó disposto no punto 5.5.1 do Pacto, que establece os criterios de resolución das duplicidades das solicitudes.

CIRCULAR 21/2004

3.3.- No suposto previsto na disposición especial duodécima do Pacto no seu apartado 6 na categoría de pediatría, os aspirantes das listas especiais de médico de familia con diploma de **puericultor** poderán solicitar ademais da categoría de médico de familia a especial de puericultor, de reunir os requisitos necesarios.

3.4.- Os aspirantes con vínculo temporal de longa duración nunha área poderán figurar como aspirantes noutra área distinta á que se encontran vinculados na data desta convocatoria, se ben non serán chamados ata que figuren como dispoñibles na outra área.

A dispoñibilidade notificarase á Dirección Provincial no prazo dun mes dende a publicación das listas definitivas da categoría que se trate. Comunicada a dispoñibilidade no citado prazo, o aspirante será chamado polo seu número de orde para as vinculacións temporais que lle correspondan, con idéntico tratamento na xestión das listas ca o resto dos aspirantes.

Os aspirantes que figuren suspendidos de chamamentos por atoparse vinculados con contrato fixo nunha empresa ou fundación pública, non serán chamados, agás que acrediten a dispoñibilidade no prazo dun mes dende a publicación das listas definitivas da categoría que se trate.

CUARTA.- SOLICITUDES E REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

4.1.- A presentación de **solicitudes dentro do prazo (ata o 29 de xuño de 2004 inclusive)** será requisito imprescindible, en tódolos casos, para acreditar a condición de aspirante inscrito nas novas listas.

4.2.- As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados correspondentes.

4.2.1.-Os modelos normalizados, teñen formato autocopiativo para facilitar a entrega da copia da súa solicitude ó interesado, polo que nos rexistros deberá selarse as dúas follas.

4.2.2 Os modelos de solicitude publicaranse tamén na **páxina web do SERGAS**. Neste caso, o interesado presentará orixinal cuberto e unha copia.

CIRCULAR 21/2004

4.2.3.- Indicarase claramente a área de xestión solicitada.

4.2.4.- O aspirante que asine a autorización ao SERGAS para solicita-los datos de vida laboral, non precisa presentar o citado certificado que tradicionalmente se viña presentando.

4.2.5.- Na **categoría de enfermería**s os aspirantes poderán solicita-la súa inclusión en tres listas especiais:

1) Listas especiais de curta duración nos hospitais (norma xeral 12.3.1): O número aspirantes admitidos será determinado pola comisión central e publicado nos taboleiros de anuncios.

2).- Longa duración do novo modelo de atención primaria: norma Xeral 12.5.1.A: Para subscripción de vínculos nos PAC que se cren no ano 2005. No ano 2004 a cobertura de longa duración nos PAC piloto formalizábase mediante convocatorias específicas.

3).- Lista especial para vinculacións iguais ou inferiores a un mes e para a cobertura de atención urxente e permanente en atención primaria, norma xeral 12.5.1.B. Este listado comprende a cobertura de vínculos de curta duración en atención primaria. A solicitude deste listado especial conlevará a condición de aspirante nos listados anteriores.

4.3.- A solicitude no modelo normalizado presentábase en unión da documentación acreditativa dos requisitos e méritos. No espazo reservado no pé do modelo, indicábase os documentos que acompañan, riscando a casíña correspondente na folla 2.

QUINTA .- REQUISITOS:

5.1.- De acordo co previsto no Pacto de selección temporal na norma xeral 5.3. así coma na Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para poder formula-la solicitude os aspirantes deberán cumprí-los seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos de idade no intre da presentación da solicitude, e non exceder a idade de xubilación forzosa (65 anos) no momento da

CIRCULAR 21/2004

- presentación desta. Tal requisito acreditarase mediante a presentación da copia do DNI ou documento equivalente debidamente compulsado.
- ❑ Acredita-la nacionalidade española ou dun país da Unión Europea (en adiante UE) ou do Espazo Económico Europeo ou ostenta-lo dereito á libre circulación de traballadores consonte co Tratado da Unión Europea ou de se-lo o caso, dispoñer de autorización para poder residir e traballar legalmente en España.
 - ❑ Posuí-la titulación que, segundo se fai constar nos modelos de instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes, mediante copia compulsada do documento acreditativo ou diploma.
 - ❑ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, no seu caso, para a correspondente profesión.
 - ❑ No caso dos nacionais doutros estados amentados no segundo apartado desta instrucción, non atoparse inhabilitado por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun estado membro, nin ter sido separado, por sanción disciplinaria dalgunha das súas Administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.
 - ❑ Non ter sido excluído das listas confeccionadas en aplicación dos pactos do 1 de abril de 1993 (DOG do 13 de abril), do 27 de abril de 1994 (DOG do 12 de maio), do 21 de decembro de 1995 (DOG de 19 de xaneiro de 1996), e do 28 de febreiro de 1997 (DOG nº 47 do 10 de marzo) e do 4 de febreiro de 2000 (DOG nº 39 de 25 de febreiro), por non ter superado o período de proba previsto no contrato ou nomeamento sempre que a exclusión non fora excepciónada, ou tamén por acordo de exclusión firme fundado en incumprimento grave do aspirante.

CIRCULAR 21/2004

5.2.- Así mesmo na categoría de **MÉDICOS DE FAMILIA**, os requisitos de titulación son os seguintes:

- a) Título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria ou
- b) estar en posesión da certificación prevista no artigo 3 do Real Decreto 853/1993, do 4 de xuño, ou algún dos títulos, certificados ou diplomas a que fai referencia o artigo 30 da Directiva 93/16/CEE, que figuran enumerados no apartado 1 da Comunicación 96/c636/04, da Comisión Europea, ou sexan titulares das certificacións previstas no artigo 36.4 de dita Directiva.

En calquera caso, ditos títulos, diplomas ou certificados deberán ter sido previamente recoñecidos polo Ministerio de Educación e Cultura

Os aspirantes que presenten documentación que acredite a solicitude da obtención da acreditación para o exercicio da medicina de familia ó Ministerio de Sanidade serán provisionalmente admitidos, ata achegar o requisito de titulación esixido.

SEXTA.- PROMOCION PROFESIONAL TEMPORAL (Norma xeral 9):

6.1.-Confeccionaranse unhas listas por centro, complexo ou, excepcionalmente área sanitaria. O ámbito será con carácter xeral de centro sanitario ou complexo. Os listados provisionais e posteriormente os definitivos deberán recoller o ámbito concreto da promoción temporal. Por acordo da comisión de seguimento do pacto completárase a regulación para a xestión de vínculos por promoción interna temporal.

6.2.-Poderán optar pola promoción temporal o persoal estatutario fixo que ostente a titulación requirida segundo se dispón no artigo 34.5 da Lei 55/2003, e ter prestado servizos como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos. O aspirante a promoción temporal deberá encontrarse en activo na institución ou, no seu caso, área correspondente.

CIRCULAR 21/2004

SÉTIMA.- LISTAXES ESPECIAIS:

7.1.- Curta duración (Norma xeral 12.3):

No ámbito de atención primaria na categoría de persoal **médico de familia e enfermeiras/os** non haberá listado de curta duración distinto ao de urxencias extrahospitalarias. Nestas dúas categorías incluíranse voluntariamente os aspirantes interesados, que exercitarán a súa opción no apartado correspondente da solicitude.

Na categoría de persoal de **enfermaría (ATS/DUE)** os aspirantes poderán solicitar as listaxes especiais de curta duración de primaria (urxencias extrahospitalarias) e de especializada. De ser seleccionados nos dous deberán optar por un deles.

No ámbito de atención especializada nas categorías de auxiliares de enfermaría e enfermaría elaborárase un listado especial para por cada centro de xestión que o solicite. Concretárase o número de aspirantes con indicación do número concreto no listado principal e no de reserva, por centro de xestión ou complexo hospitalario, a elección do centro.

As normas de xestión incluídas na norma xeral 12.3 serán aplicables a partir da entrada en vigor das listas definitivas, e serán completadas e desenvoltas mediante instrucións

7.2.- Áreas especiais (Norma xeral 12.2)

Os aspirantes na categoría de **enfermeiras/os** poderán solicitar voluntariamente a súa inclusión nalguna das áreas especiais, segundo o disposto na norma xeral 12 apartados 2, sempre que acrediten experiencia mínima de dous meses na área concreta (na área de saúde mental tamén a formación da especialidade). A solicitude debe reseñarse no apartado correspondente do modelo e acreditarse mediante certificado.

Os **auxiliares de enfermaría** poderán optar pola área especial de saúde mental de acreditar dous meses de experiencia en saúde mental ou ter o diploma de formación en dita especialidade.

CIRCULAR 21/2004

OITAVA.- MÉRITOS:

8.1.- Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata o día 13 de xuño de 2004.

8.1.1 A acreditación destes méritos achegarase inescusablemente dentro do prazo de presentación de solicitudes e requirirá a incorporación de documentos auténticos, sen prexuízo da posible compulsa que, sobre as copias fotoestáticas deles, se leve a efecto polo persoal competente que, de entregarse coa solicitude, non serán obxecto de pago de taxas.

Se por circunstancias alleas ao interesado sexa imposible a presentación dos méritos no devandito prazo, deberase acredita-la solicitude da certificación ou mérito en cuestión dentro do prazo antedito, para que poida ser posteriormente baremado.

En canto as certificacións de servicios prestados feitas polos centros, elaboraranse indicando os períodos do seu inicio e finalización, e totalizados por días naturais.

8.1.2 Polo que se refire á valoración do desemprego, advertir que a Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitará ao SERGAS os datos dos aspirantes que autoricen o tratamento automatizado dos seu datos. Para o caso de que non realizasen a citada autorización, procederase coma en anos anteriores á mecanización manual da información que resulte do certificado da vida laboral para a realización dun novo cómputo do desemprego polo programa informático. No caso dos datos facilitados pola Tesourería ao SERGAS, farase un volcado automático destes, para a realización do cómputo de desemprego. En próximas datas daranse instrucións en orde a realizar a solicitude de datos á Tesourería e facilitarase o soporte informático a través do cal debe realizarse dita solicitude.

A puntuación derivada de desemprego non se computará cando entre en contradicción con períodos de actividade que consten na vida laboral en España.

CIRCULAR 21/2004

8.1.3. Experiencia:

Realizarase un volcado de datos das bases do SERGAS para cada un dos aspirantes. Só haberá que mecanizar datos non contidos na ficha de cada aspirante.

Respecto dos servizos prestados nas Fundacións e empresas públicas sanitarias de Galicia, constará no certificado a reciprocidade do tratamento dos servizos. Así mesmo deberá retirarse polo a puntuación por experiencia en ditas fundacións no apartado ónde estaban puntuadas para poder valorarse no apartado primeiro de experiencia profesional.

De conformidade co criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no apartado primeiro relativo á experiencia profesional para a categoría de médicos de familia, pediatras, odontólogos e matronas, entenderase como experiencia profesional os servizos prestados durante o período de formación especializada. Para a valoración deberá aportarse certificación acreditativa.

8.2.- Aspirantes que xa figuran admitidos nas listas elaboradas na anterior convocatoria do 2002.

Presentarán temén a correspondente solicitude, así como, de se-lo caso, o certificado da vida laboral acreditativo do tempo de desemprego. Sen embargo non será preciso presenta-la documentación seguinte:

- Méritos relativos á experiencia profesional, formación académica, formación especializada e formación continuada e coñecementos da lingua galega que se tivesen en conta na anterior convocatoria e que polo tanto aparecen deste xeito recollidos no expediente dos aspirantes.
- Certificación acreditativa da superación do exercicio ou exercicios da fase oposición da última convocatoria pública de emprego para prazas de persoal estatutario do SERGAS, que xa constan nas Direccións Provinciais. Para as categorías que non foron obxecto de fase de oposición na última convocatoria formalizada polo SERGAS (electricista, telefonista, mecánico e

CIRCULAR 21/2004

calefactor), manterase a puntuación obtida na anterior convocatoria de oposición. Nas outras categorías puntuaranse tan só as probas superadas na última convocatoria e non se puntuarán as anteriores.

8.3.- Experiencia profesional derivada da prestación de servizos en proxectos de cooperación en ONGs debidamente legalizadas:

Equipárase á experiencia profesional a participación en proxectos de cooperación en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país da Unión Europea.

O cooperante deberá presentar xunto coa solicitude copia do certificado de empresa e certificado de vida laboral onde figure a razón social da ONG contratante, as funcións desempeñadas polo interesado e o tempo total de contratación; así como copia da inscrición da ONG no Rexistro Galego de Organizacións Non Governamentais ou no Rexistro da Axencia Española de Cooperación Internacional.

NOVENA.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN E CERTIFICADO :

9.1.- O terceiro parágrafo do apartado VII do anexo I da Resolución do 24/5/04, que contén o baremo aplicable aos **médicos de familia**, dispón que a súa no réxime de selección temporal desenvolverase por instrucción, previa ao seu tratamento pola Comisión Central de seguimento do pacto.

En cumprimento de tal previsión, a comisión central de seguimento do pacto establece que para a certificación da participación no réxime de selección temporal -ademais, no seu caso, das listas- teranse en conta os seguintes criterios:

- As listas de selección temporal do SERGAS figuran rexistradas en soporte informático dende o ano 1997, polo que se atopa dispoñible a información da xestión.
- Nos anteriores anos, dende 1993 a 1996, a información non se atopa dispoñible en tódalas áreas. Co obxecto de que dito

CIRCULAR 21/2004

inconveniente non prexudique aos aspirantes, e para que se poida ter en conta a información baremable dos seus expedientes, a expedición dos certificados referidos ao periodo indicado teña como base documental a información obrante no expediente do interesado que se refira aos nomeamentos expedidos neses anos. Agás proba en contrario -que poderá aportarse en calquera momento anterior ao remate do prazo de reclamación sobre as listas provisionais- presumirase que os profesionais médicos de familia con nomeamentos expedidos en datas de vixencia dos Pactos de selección temporal, figuraban nas listas dos anos que correspondan aos vínculos. Así mesmo presumirase tamén que aqueles aspirantes que están vinculados con anterioridade á publicación das listas do ano 1993 xa figuran nelas.

Os aspirantes interesados poderán aportar ata o último día de prazo de reclamación das listas provisionais, documentos que acrediten tanto a súa condición de aspirante nas listas coma a dispoñibilidade para as vinculacións, con obxecto de que se lle expida ou subsane, no seu caso, o certificado correspondente.

9.2.- Apartados IX e VII dos anexos I e V, da Resolución do 24/5/04, relativos aos baremos de **médicos de familia** e de **enfermaría**, respectivamente: Puntuación especial e transitoria para a selección no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

No último parágrafo dos apartados indicados establécese que a Comisión de Seguimento do Pacto aclarará os supostos nos que a garantía de cobertura de atención urxente extrahospitalaria , que servirá de base para o cálculo desta puntuación adicional de urxencias extrahospitalarias, se entenderá interrompida.

CIRCULAR 21/2004

A puntuación adicional á que se fai referencia neste apartado pode xerarse por dúas causas:

1º.- Por ter participado na oferta de selección de PAC trala convocatoria correspondente, con adxudicación e efectiva prestación de servizo de atención continuada e a ordinaria requirida, durante o tempo correspondente, traballando nas quendas de atención continuada nese PAC.

2º.- Por ter estado vinculado mediante nomeamentos puntuais na cobertura de atención urxente extrahospitalaria, ben por non ter obtido un ámbito de PAC na oferta a cubrir, ou ben por ter sido chamado para dita cobertura puntual.

A interrupción da puntuación refirida só resultará aplicable no primeiro dos supostos anteriores, e só nos casos seguintes:

1º.- Cando o profesional deixa de prestar servizos de atención continuada no PAC correspondente, deixando de cubri-la carteleira de traballo do PAC. A interrupción computarase dende a data na que deixe de prestar servizos e puntuarase só o tempo que prestou servizos.

2º.- Existencia de renuncia. De ser xustificada puntuarase a proporcional correspondente anterior á interrupción.

3º.- Por pasar a prestar servizos de longa duración no tramo ordinario. Puntuarase a proporcional correspondente.

4º.- Ter sido suspendido de vinculacións por causa xustificada. Puntuarase a proporcional correspondente.

5º.- Por penalización .

No caso do persoal de enfermaría, producirase tamén a interrupción cando pasen a prestar servizos en atención especializada.

Nos certificados que emitan as xerencias de atención primaria acreditaranse os períodos de data a data, con expresión dos días de servizo contabilizado.

CIRCULAR 21/2004

Os apartados VII e IX do baremo de médicos de familia e VII do baremo de enfermaría acredítanse mediante o modelo de certificado que se xunta nestas instrucións.

Nos certificados que non correspondan a garantías, por tratarse de prestacións puntuais, a puntuación adicional poderase deducir dos certificados de servizos prestados, sen que sexa necesario realizar unha certificación adicional.

DÉCIMA.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE CONVOCATORIA AUTOMÁTICA DE MÉDICOS DE FAMILIA.

Os médicos de familia que rematan a súa formación neste ano terán como data de remate os días 19 e 20 de xullo. Como queira que a convocatoria automática esta realizada co obxecto de que ditos profesionais podan incorporarse a prestación de servizos no SERGAS, amplíase o prazo de presentación de solicitudes por mor da convocatoria automática prevista na norma xeral 6.3 do Pacto ata o día 23 de xullo de 2004.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2004.

**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS
DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE,**

Asdo.: José Ignacio Lema Piñeiro

CIRCULAR 21/2004

ANEXO I

Don/Dona _____
DIRECTOR DE XESTIÓN E SS.XX. da XERENCIA DE ATENCIÓN
PRIMARIA DE _____, da que é DIRECTOR
XERENTE DE ATENCIÓN Don/Dona
_____,'

CERTIFICO:

Que D./D^a _____, segundo consta nos antecedentes obrantes nesta Administración, participou no sistema de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde na categoría de médicos de familia, na área sanitaria de _____, sen ter sido penalizado coa súa exclusión, desde a data do _____ ata o _____.

O que se fai constar para os efectos da valoración asignada no punto VII do baremo de persoal facultativo - médicos de familia, do pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, publicado en virtude da Resolución conxunta do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004).

En _____, o ___ de ___ de _____

Asinado:

CIRCULAR 21/2004

ANEXO II

Don/Dona _____
DIRECTOR DE XESTIÓN E SS.XX. da XERENCIA DE ATENCIÓN
PRIMARIA DE _____, da que é DIRECTOR
XERENTE DE ATENCIÓN Don/Dona

CERTIFICO:

Que D./D^a _____,
segundo consta nos antecedentes obrantes nesta Xerencia, figura nas
listas de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de
Saúde na categoría de médicos de familia, na área sanitaria de
_____, e participou no modelo transitorio de cobertura
da atención urxente extrahospitalaria nos períodos que se relacionan:

O que se fai constar para os efectos da puntuación adicional, así
como da elaboración das listaxes especiais, establecidas no punto IX do
baremo de persoal facultativo - médicos de familia, do pacto de selección
temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas
institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, publicado en virtude
da Resolución conxunta do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da
Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo
Galego de Saúde (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004).

En _____, o ___ de ___ de _____

Asinado:

CIRCULAR 21/2004

ANEXO III

Don/Dona _____
DIRECTOR DE XESTIÓN E SS.XX. da XERENCIA DE ATENCIÓN
PRIMARIA DE _____, da que é DIRECTOR
XERENTE DE ATENCIÓN Don/Dona

CERTIFICO:

Que D./D^a _____,
segundo consta nos antecedentes obrantes nesta Xerencia, figura nas
listas de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de
Saúde na categoría de médicos de familia, na área sanitaria de
_____, e participou no modelo transitorio de cobertura
da atención urxente extrahospitalaria nos períodos que se relacionan:

O que se fai constar para os efectos da puntuación adicional, así
como da elaboración das listaxes especiais, establecidas no punto VII do
baremo de ATS/DUE, enfermeira especialista, matrona, fisioterapeuta e
logopeda (ANEXO V), do pacto de selección temporal de persoal
estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do
Servizo Galego de Saúde, publicado en virtude da Resolución conxunta
do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e
da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº
104, do 1 de xuño de 2004).

En _____, o ___ de ___ de _____

Asinado: